



CIRCULAR INFORMATIVA 11/05/2017

Estimados pais/nais/titores/as, informámoslles do seguinte:

- **CELEBRACIÓN DAS LETRAS GALEGAS 2017:**
 - o **TUI LE:** Alumnado de 6º realizará unha actuación teatral na Área Panorámica o día 12/05/2017
 - o Realización de **maios**. Serán expostos na XX Edición da Feira do Libro na Praza da Inmaculada o día das Letras Galegas.
Pedimos que o alumnado traia o luns 15/05/2017 fiuncho, pampullos, frores silvestres, cocas ... e calquera outro material para elaborar os maios. Agradecemos a súa colaboración.
 - o Xoves e venres, 18 e 19 de maio, o alumnado de primaria asistirá, no salón de actos, á **representación** realizada por varios alumnos/as de 6º “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas” de Carlos Casares.
 - o O luns 22/05/2017, **contacontos** para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP a cargo de Celso Fernández.
 - o “**Exposición de cerámica antiga**” na Biblioteca do cole entre os días 18 e 25 de maio. Pódese visitar os días indicados de 9:15 a 9:45 e de 14:00 a 14:30 h. Pregamos a súa colaboración aportando obxectos antigos de cerámica. Deben ter unha pegatina na parte inferior co nome e curso do alumno/a e traelos o luns 15 e martes 16 de maio.

- **AVALIACIÓN DE 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:** A resolución do 25 de abril de 2017 da Dirección Xeral de Educación, ditas instrucións sobre a mesma. As probas serán os días 30 e 31 de maio.

- **Distribución de froita fresca** ao alumnado coa axuda do FOGGA. A terceira e última semana será do 22 ao 26 de maio.
Avisarase uns días antes das froitas a repartir por se algún alumno/a presenta problemas de intolerancia.

Un saúdo

A DIRECCIÓN